

Achegamos os carteis/folletos informativos sobre a convocatoria do CLUB DE DEBATE, unha actividade dirixida a 3º e 4º de ESO e 1º de Bacharelato e organizada por trece concellos, entre eles o de Santiago de Compostela, que ten como obxectivos:

- Favorecer o emprego da lingua galega na mocidade, especialmente o uso oral en contextos formais e informais.
- Afondar no dunha das habilidades sociais máis importante: a fluidez comunicativa, ligada á oratoria.
- Incitar o pensamento crítico e analítico sobre temas de actualidade, deixando de lado os estereotipos da mocidade en canto intereses e preferencias.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo en equipo.

Tal como se informa no material que achegamos, a participación é por equipos, cun mínimo de catro membros e un máximo de dez, dirixidos por un preparador ou preparadora, e a competición organízase en fases cuxos gañadores obterán interesantes premios. Para os equipos inscritos ofrecerase un curso de formación sobre técnicas e habilidades útiles no debate.

Agardamos que a actividade conte co interese do profesorado de distintas materias, nomeadamente as relacionadas coa lingua, e de xeito especial do equipo de normalización lingüística do centro, polo que achegamos varios exemplares dos materiais e pregamos que lles dean toda a difusión posible.

Os equipos interesados en participar deberán inscribirse no Departamento de Lingua Galega do Concello, onde tamén poden completar a información que precisen e aclarar calquera dúbida sobre o programa. Asemade poden atopar máis datos en facebook/club de debate 2012.

Departamento de Lingua Galega
Concello de Santiago de Compostela
Casa do Concello (entrada pola Avda. de Raxoi)
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 542 409
Fax: 981 542 410
dlg@santiagodecompostela.org